



Colexio Plurilingüe A Inmaculada

Av. Alcalde Anxo López Pérez, 2 - 27002 LUGO

Teléfono 982.28.03.92 - Fax 982.28.08.17

PLAN DE CONVIVENCIA

1ª Rev 2 xaneiro 2018

2ª Rev 28 febreiro 2019 atendendo á INSTRUCCIÓN CONXUNTA DO 5 DE FEBREIRO DO 2019 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE CONDICIÓNS DE USO DO UNIFORME ESCOLAR

ÍNDICE

0. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTO
1. FUNDAMENTACIÓN E OBXECTIVOS DO PLAN
2. NORMATIVA APLICABLE
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA
 - 4.1. Principais conflitos de convivencia
 - 4.2. Prevención e resposta do centro a estas situacións
5. NECESIDADES QUE SE DETECTAN NO CENTRO .
6. PLAN DE CONVIVENCIA
 - 6.1. Obxectivos do Plan de Convivencia
 - 6.2. Desenvolvemento e aplicación do plan de convivencia segundo os títulos da lei 4/2011
 - 6.3. Normas de convivencia
 - 6.4. Condición de autoridade pública do profesorado
 - 6.5. Clasificación medidas correctoras
 - 6.6. Procedementos para a imposición de medidas correctoras
 - 6.7. Procedemento específico de actuación para previr e solucionar as alteracións de comportamento
 - I.- En casos de alteracións de comportamento
 - II.- En casos de acoso escolar
 - 6.8. Comisión de convivencia (Consello Escolar)
 - 6.9. Difusión do plan
 - 6.10. Seguimento, avaliación e mellora do plan
 - 6.11. O Plan de Convivencia no PEC.
7. ACOSO ESCOLAR
8. ABSENTISMO ESCOLAR
9. CONVIVENCIA INTERCULTURAL
10. DIFUSIÓN DO PLAN
11. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA
12. O PLAN DENTRO DO PEC
13. ANEXOS E FORMATOS
 - Procedementos

0. -DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome do Centro Educativo: CPR. A INMACULADA		
Código: 27006322	Enderezo: Av. Alcalde Anxo López Pérez, 2	
Localidade: LUGO	Código Postal: 27002	Concello: LUGO
Teléfono: 982280392	Fax: 982280817	NIF: R-2700029-H

1.- FUNDAMENTACIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

Os distintos espazos, tempos e experiencias compartidas polos sectores da comunidade educativa no centro escolar son un marco ideal e privilexiado para o fomento da convivencia pacífica e democrática, así como para a creación dunha atmosfera educadora e solidaria, asumindo que no ámbito da escola se reproducen, en graos

diversos, os conflitos que están presentes na sociedade e aos que o sistema educativo debe responder positiva e construtivamente.

A educación nos valores cívicos e democráticos, que establecen solemnemente a Declaración Universal dos dereitos humanos e a lexislación internacional derivada, é un aspecto esencial da competencia básica social e cidadá que os distintos organismos supranacionais veñen promovendo desde hai anos. Consonte a isto, nos últimos anos as distintas Administracións educativas, os centros educativos e o seu profesorado, así como distintas entidades sociais promoven diferentes iniciativas neste terreo, como os programas de convivencia escolar, actividades de formación do profesorado e mesmo a posta en marcha de plans concretos no marco dos respectivos proxectos educativos dos centros.

A Lei de fomento da educación e da cultura de paz, a materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos no marco da Lei Orgánica de Educación, a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei reguladora da responsabilidade penal do menor ou a Lei galega para a igualdade de homes e mulleres teñen que contemplarse, tamén, no marco xeral dunha maior atención da sociedade e dos seus representantes polos novos e distintos aspectos dos conflitos de convivencia.

A escola é o primeiro lugar da convivencia cidadá. Queremos que o noso centro sexa un espazo onde se propicie a comunicación, o encontro entre as persoas, ordenado con principios e regras baseadas no diálogo e na resolución directa e pacífica dos conflitos; sen esquecer tamén que sexa un escenario do interpersoal que esixe a calidez do afecto e a comprensión, necesarios para adquirir seguridade e autoestima.

Non pretendemos en ningún momento negar a existencia dos conflitos. Está claro que os conflitos existiron e seguirán a existir; son o resultado dunha sociedade plural e polo tanto enriquecedora, pero tamén competitiva e excluínente, onde é máis salientable o que nos separa que o que nos une: diferenzas socioeconómicas, de criterios, aspiracións, intereses contrapostos, prexuizados... Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

Partindo dunha visión positiva dos conflitos, os principios que sustentan o Plan de Convivencia do CPR La Inmaculada de Lugo, son os que seguen:

- É o resultado da **implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa**: profesorado, pais e nais, alumnado, persoal non docente, para o fomento dunha boa convivencia no Centro. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa as portas do colexio, todo canto acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando na escola xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa debemos ser parte da súa solución. Nesta liña, o Plan de Convivencia do noso centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral do centro escolar.

- O plan integra o principio de igualdade entre mulleres e homes, as directrices básicas de convivencia e as actuacións (incluíndo a mediación na xestión dos conflitos), e contén actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

- **O papel da familia é fundamental** porque leva a cabo a socialización primaria, as primeiras aprendizaxes que van marcar o desenvolvemento posterior do alumnado. Na medida en que poidamos traballar conxuntamente, nos ámbitos familiar e escolar, teremos máis garantías de lograr todos os obxectivos que nos propoñemos.

- **A prevención** é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo céntrase en previr as condutas contrarias a ela. Dámoslle prioridade a aquelas actuacións destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.

- Entendemos a convivencia como un **fin educativo a traballar** que vai máis alá da mera aplicación de medidas disciplinarias. É para nós un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, ao rexeitamento de toda discriminación e á compensación das desigualdades.

- As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia baséanse nas **Normas de Convivencia establecidas no RRI** en vigor. **A Comunidade educativa (Familias, profesorado, PAS e alumnado de etapas concertadas e non concertadas)** ten que actuar conforme ao disposto neste regulamento. Cando sexa necesaria unha corrección terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todos os alumnos/as.

- Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de **coordinación entre o equipo docente**. Dita coordinación establécese sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo: determinando os obxectivos básicos a conseguir co grupo-clase, consensuando tamén as normas co alumnado, posibilitando a interiorización das mesmas e a súa transferencia a outras situacións... É a nosa intención chegar a consensos que nos permitan elaborar protocolos de actuación eficaces, froitos dunha reflexión colectiva e adaptados ás necesidades particulares do noso centro.

- **A acción titorial** é un instrumento básico para desenvolver a convivencia a través dela. Cobra unha vital importancia a labor que se debe levar a cabo desde a titoría. Os/as titores/as poden propoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, desenvolvendo actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas opinións, emocións e comportamentos..., achegando información ao resto do profesorado e ás familias.

- A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha sociedade preparada que se respecta a si mesma, ós demais e responsabilizándose dos seus actos. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.
- A convivir, a compartir vivencias xuntos, apréndese interactuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autoconhecimento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Isto require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.
- Consideramos fundamental que se respire no noso Centro un clima de convivencia armónico, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sentan seguros e respectados. Desde estes principios básicos, tenderemos a proxectar nos nosos alumnos valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia, a fin de ofrecer un servizo educativo de gran calidade.

2.- *NORMATIVA APLICABLE*

- Real decreto 732/1995, de 5 de mayo, sobre derechos y deberes del alumnado y normas de convivencia,
- Lei 27/2005, de 30 de novembro,(BOE do 1 de decembro) *de fomento de la educación y la cultura de la paz.*
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, *de Educación* (B.O.E. 141 de 04/05/2006)
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, *polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.*
- Lei 4/2011 de 30 de xuño (DOG 15 de xullo) *de convivencia e participación da comunidade educativa.* A Lei 4/2011, do 30 de Xuño, da Xunta de Galicia, de convivencia e participación da comunidade educativa ten por obxecto regular as normas básicas de convivencia nos centros educativos; parte da convicción de que sen un ambiente baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento os fins da educación para o que é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa (pais,nais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado), incidindo na corresponsabilidade dos pais, nais e recoñecendo ao profesorado a condición de autoridade pública coa protección xurídica adecuada ás súas funcións de cara a conquistar o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. O TÍTULO III da lei convivencia 4/2011 marca as **NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA NOS CENTROS.**

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar
- *Plan de Convivencia do Centro. Xunta de Galicia.*
- *Instruccións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia. Da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (Santiago de C. 17 de outubro de 2007)*
- NOF (Normas de Organización e Funcionamento- antes RRI)
- INSTRUCCIÓN CONXUNTA DO 5 DE FEBREIRO DO 2019 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE CONDICIÓNS DE USO DO UNIFORME ESCOLAR

3. -CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O Colexio Marista *A Inmaculada* é un centro de ensinanza católica que a Igrexa ofrece á sociedade para promover a formación integral dos seus alumnos de acordo cunha concepción cristiána do home, da vida e do mundo; que fomenta o diálogo entre fe, cultura e vida segundo o estilo de San Marcelino Champagnat, fundador dos Irmáns Maristas e que toma a María como modelo de educadora na súa predilección pola sinxeleza, o traballo e o espírito de familia.

Este constitúese en comunidade educativa; Isto é, somos moito máis ca un grupo organizado ou un equipo de profesionais xa que, consideramos que a tarefa da educación require a aportación coordinada de tódalas persoas que interveñen nela:

- A Entidade Titular, responsable de expresar e manter os principios que definen o tipo de educación que se imparte.
- O alumno suxeito responsable da súa propia formación, de acordo coas esixencias propias da súa idade.
- O claustro de profesores, principais educadores dos alumnos. A súa tarefa vai máis aló do que comporta a transmisión sistemática de coñecementos.
- Os pais, primeiros responsables da educación que participan activamente na vida do colexio.
- O persoal de administración e servizos e os demais colaboradores da comunidade educativa, cooperan dun xeito imprescindible a que a acción educativa sexa posible, favorécese e fana máis eficaz.
- Así mesmo o colexio marista *La Inmaculada* afronta as tarefas educativas cuns rasgos peculiares:

- **A pedagogía da presenza** que se manifesta en estar sempre cercano ó alumno.
- **A pedagogía do sentido práctico e da constancia** que tende a desenrolar hábitos e a preparar ás persoas para situacións reais da vida.
- **A pedagogía da motivación é o seguimento** que adapta os intereses e necesidades dos alumnos ó seu entorno social e promove normas de convivencia adaptadas a calquer situación.
- **Unha pedagogía que se proxecta máis aló do aula** e que ofrece resposta ás inxerencias relixiosas, pastorais, sociais e culturais.

Constátase por parte dos pais de alumnos unha preocupación pola formación académica e persoal dos seus fillos. Algo que se manifesta na asistencia maioritaria ás reunións de pais organizadas polo colexio e en contacto asiduo entre familias e colexio. Neste sentido a maioría dos pais desexan para os seus fillos unha formación superior e dedican esforzos e recursos para facilitarlles e animarlles neste obxectivo. Con todo isto existen casos de desestructuración familiar que ten un impacto moi directo sobre o desempeño académico dos seus fillos.

4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

En xeral temos, no centro, un ambiente moi adecuado. A relación entre profesores, alumnos e pais é moi familiar e boa.

Cabe destacar o coñecemento mutuo que existe entre todos. Entre o alumnado non se dan conflitos nin problemas maiores.

Existe tamén unha moi boa aceptación dos alumnos inmigrantes convivindo adecuadamente.

As instalacións do centro son apreciadas por todos e habitualmente respéctanse no seu uso normal.

Os tipos de conflito e a súa valoración recóllense na normativa colexial que aparece no PEC e no RRI.

Aos pais infórmaselles ao principio de curso sobre as normas colexiais.

Xorden de forma esporádica algúns problemas que enrarecen a convivencia como a "desaparición" de efectos ou bens persoais: móbiles..., a xustificación polos pais de actitudes e comportamentos dos fillos, a falta de aproveitamento do tempo por interrupcións reiteradas provocadas por algún dos alumnos, por motivos diversos, o feito de ter os móbiles acendidos dentro do recinto escolar o que obriga á retirada dos mesmos por parte do profesorado

4.1. Principais conflitos de convivencia no centro

Os tipos de conflitos máis frecuentes son :

- Interrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Distracción e falta de atención.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.

- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Desobediencia ás ordes educativas-formativas do mestre-familia.
- Falta de respecto ás veces entre iguais.

As súas causas, ademais da súa gravidade e intensidade, son:

- Falta de motivación
- Chamadas de atención de forma global
- Dificultades de aprendizaxe
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte dos pais: non revisan se traen o material a clase, etc.
- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta dun referente de autoridade.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.

4.2. Prevención e resposta do centro a estas situacións

O centro mediante o plan de acción tutorial leva a cabo unha serie de actuacións encamiñadas ao fomento da convivencia, o desenvolvemento da competencia social e das capacidades afectivas, a prevención e resolución de conflitos e a non violencia e o fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Igualmente hai diversos documentos de uso por parte do profesorado que conteñen liñas de actuación a seguir con respecto a alumnado e familias e que se reflexionan cada curso académico nunha reunión claustral, entre eles,

- o plan de actuación do profesorado (dende o curso 13-14)
- o documento titulado: guía para a convivencia na aula (tratamento e prevención de conductas disruptivas)
- o NOF (antes RRI)

Todo dirixido á formación permanente do profesorado para tentar cubrir as necesidades en:

- i. Formación en pedagogía pacífica, intentando propiciar espazos e estruturas no marco escolar que deixen lugar a procesos de mediación, de negociación e fomentar as actitudes que fan do conflito unha oportunidade de desenvolvemento. Aspectos a fomentar:
 - a. Uso do diálogo.
 - b. Aprendizaxe cooperativa, traballo en equipo.
 - c. Solución de problemas.
 - d. Establecemento de normas.
 - e. Comprensión e manexo da agresividade e da violencia.
 - f. Confianza.
 - g. Autoestima.
 - h. Apertura e empatía.
- ii. Formación en negociación, fundamentalmente positiva e colaborativa.
- iii. Formación en mediación, comezando por traballar a escoita activa.
- iv. Formación para abordar/manexar alteracións do comportamento do alumno.

- v. Formación para previr e orientar en temas de transcendencia como son o acoso escolar, drogas e alcol, bandas xuvenís e riscos de internet. Contarase a axuda do Plan Director, que mediante reunións e charlas a comunidade Educativa ofrecerá información sobre estes problemas e os seus riscos obxectivos, de motivar aos alumnos na adopción de condutas prol-activas e de facilitar, a los pais e profesores, pautas de detección e reacción ademais da axuda in mediata, nas situacións máis graves, de funcionarios policiais especializados.

As relacións coas familias son boas, habendo reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na programación. É relevante a actuación dos titores na coordinación coas familias.

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoita ser comentada coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta.

Tamén de forma esporádica fanse charlas informativas e formativas para pais co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia do centro.

Dentro do noso sistema de calidade veñen definidos os distintos procedementos para cada etapa. Neles queda definido de forma obxectiva o noso modo de esixirnos. Tamén aparecen definidos os distintos formatos de comunicación de incidencias. Isto facilita a claridade e inmediatez das actuacións, e evita conflitos que doutro modo poderían xurdir de forma habitual

A claridade na formulación das normas permite unha rápida diferenciación entre o tipo de falta e as medidas correctoras e/ou disciplinarias que corresponden.

✓ ***Medios para mellorar a convivencia e previr situacións de conflito***

A mellor forma de educar, e previr a aparición de conflitos é a pedagogía da presenza. Especialmente naqueles lugares en que, por si mesmos, presentan maiores índices de conflictividade: recreos, proximidade aos cuartos de baño, corredores.... Pero destacamos que ha de ser unha presenza activa e efectiva. Por iso en cada unha das etapas temos definidas quendas de presenza e vixilancia. Iso permite que, ademais de previr, se favorezan os momentos de relación profesor - alumno.

As accións deseñadas dentro do **PAT**. Entre as que destacamos os momentos de benvinda ao comezo do curso e actividades de convivencia, as avaliacións ao final do trimestre coincidindo cos momentos de avaliación académica, as actividades destinadas especificamente á educación nos valores da solidariedade, o respecto, a tolerancia, o diálogo, a resolución de conflitos, a adquisición de habilidades sociais; as charlas por especialista sobre o mal uso de internet e os medios de comunicación actuais...

Accións de acollida tamén para os profesores novos que se incorporan ao centro.

✓ ***Resposta do centro en situacións de conflito. Implicación de profesores, alumnos e familias.***

- i. Realízase unha recollida de información por escrito con datos de todas as partes implicadas.

- ii. Diálogo coas partes implicadas.
- iii. Medidas correctoras: se o pode resolver o profesor so, non se acude a outras instancias, inténtase economizar en persoal e recursos.
- iv. Se o problema é máis grave faise extensivo ao titor, xefe de estudos, dirección e ao resto de profesores.
- v. Información á familia dependendo da gravidade, aportando datos obxectivos. Actualmente esta información non sempre se realiza mediante entrevistas concertadas previamente.
- vi. Aplícanse as correccións ou sancións oportunas.

En xeral, a resposta e a implicación dos pais ante o conflito é positiva, presentándose algúns casos de pasividade ante as súas obrigacións como pais e primeiros educadores dos seus fillos.

5. NECESIDADES QUE SE DETECTAN NO CENTRO EN RELACIÓN COA CONVIVENCIA

- i. Comunicar e informar ás familias as normas de convivencia do centro e das medidas adoptadas respecto do seu cumprimento.
- ii. Mellorar as relacións entre titor e familia máis aló da mera transmisión de información xa que as familias desexan colaboración para buscar solucións ante as dificultades de educación que preneren os seus fillos e non só que lles faga chegar as queixas.
- iii. Desenvolver recursos materiais e humanos para xestionar a aula en situacións de conflito.
 - a. Agrupamentos espaciais flexibles dentro do aula.
 - b. Fomentar outra metodoloxía de traballo, etc.
- iv. Pautas para manexar as situacións conflitivas cos alumnos na aula.
- v. Desenvolver actitudes positivas (maior motivación, implicación na aula) dos profesores.
- vi. Neutralidade e imparcialidade dos profesores no tratamento dos alumnos.
- vii. Favorecer a aceptación do diferente e o respecto ao que é diferente en gustos opinións, clase social, modas, etc.
- viii. Sistematizar o coñecemento do plan de convivencia por todos os membros da comunidade educativa: os proxectos, as normas, as trasgresións e a súa tipificación, ...
- ix. Unha maior implicación, principalmente dos profesores, na presenza, observación e corrección de actitudes dos nenos aínda que non sexan da propia clase, no cumprimento dos procesos que se establezan para a solución dos conflitos, ...
- x. Non aparece reflectida unha normativa específica nalgúns servizos do centro escolar, que son obxecto de estudo para a observación de conflitos. Este é o caso do servizo de comedor escolar.
- xi. Dar resposta ás agresións (verbais ou de tipo psicolóxico) dos alumnos ao profesor.
- xii. Formación en diversos aspectos: cambios metodolóxicos na forma de traballar en clase, maior importancia á intelixencia emocional, medios de resolución de conflitos como a mediación,

6. -PLAN DE CONVIVENCIA

6.1. OBXECTIVOS DO PLAN

Concreción anual

1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
2. Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
3. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflitividade e diminuír as condutas máis graves.
4. Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.
5. Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de xeito proactiva, é dicir, como un medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
6. Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
7. Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para liquidar problemas de convivencia.
8. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.

6.2. DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA SEGUNDO OS TÍTULOS DA LEI 4/2011

TÍTULO II. DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DIRECTA.

Neste título enuméranse os dereitos e deberes dos pais, nais, titores, titoras, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos en relación á convivencia escolar. (ver NOF)

Os responsables dos menores teñen o dereito a recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes, e o deber de coñecer as normas, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias. Este dereito dos pais a recibir información supón para os centros a obriga de facilitar polas

canles que se consideren oportunos, pero especialmente no momento da formalización da matrícula, as normas de convivencia do centro.

Con respecto ao profesorado e o persoal de administración e servizos subliñamos a obriga do dereito de reserva e sigilo sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

En canto ao alumnado, salientamos os deberes de respectar as normas de organización, convivencia e disciplina; conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro, e asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

6.3. NORMAS DE CONVIVENCIA [Artigo 10 Ley 4/2011](#)

Entendemos as normas como un recurso que facilita a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, e que garanten os dereitos de todos, polo que consideramos necesario e valioso a súa aceptación e cumprimento.

I.- A escolarización neste Centro Marista leva consigo a aceptación dos principios educativos do Ideario.

II.- As presentes normas son de obrigado cumprimento tanto no recinto escolar como en actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro aínda que se realicen fóra do recinto escolar.

As normas que regulan a convivencia no centro refírense a:

- ✓ *Vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes”.*
- ✓ *Entradas e saídas de clase. Ausencias e atrasos..*
- ✓ *Vestuario.*
- ✓ *Hábitos: Limpeza e orde. Uso e coidado do material.*
- ✓ *Nas aulas, pasillos e recreos*
- ✓ *No comedor*
- ✓ *Comunicación*
- ✓ *Obxectos que traen de casa: Móbil e dispositivos móbiles ou de grabación de imaxes e sons. Xoguetes electrónicos. Diñeiro*
- ✓ *Accións prexudiciais para a saúde: - Tabaco. Alcol. Outras drogas*
- ✓ *Respecto, disciplina - Desobedecer ao profesor/a. Incumprimento de sancións. Alcumes. Insultos. Pelexas. Discusións. Agresións físicas ou morais. Malos tratos. Acoso.*

Vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes”.

Entre a normativa estatal básica, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe entre os obxectivos das diferentes ensinanzas que regula a igualdade de xénero, con diferentes concrecións en función da etapa educativa:

O artigo 17.d), para educación primaria: *“Coñecer, comprender e respectar ... , a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres ...”*

O artigo 23.c), para educación secundaria obrigatoria: *“Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitara os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.*

Entre a normativa autonómica, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016), regula no capítulo IV do título I diversos aspectos sobre a educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes, entre eles, a erradicación de prexuízos nos centros docentes (artigo 18):

“1. Non se admiten, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas”.

Pola súa banda, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG núm. 136, do 15 de xullo), regula no artigo 10 o contido do plan de convivencia e as normas de convivencia cos que, segundo a lexislación vixente, deben contar todos os centros docentes, e nos que se integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Concretamente, o artigo 10.4 regula a vestimenta do alumnado nos seguintes termos:

“4. Así mesmo, as normas de convivencia poderán conter previsións sobre a vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes”.

UNIFORME ESCOLAR. **O uso de uniforme escolar é VOLUNTARIO** O colexio marista La Inmaculada permite o uso do uniforme escolar colexial de forma voluntaria é atendendo á decisión que as nais ou pais tomen ao respecto.

ROUPA DEPORTIVA de uso obrigatorio para as áreas de psicomotricidade (EI) e EF (ESO e primaria) Determinase obrigatorio o uso da uniformidade deportiva colexial referida ao chándal (chaqueta e pantalón ou maia)

Entradas e saídas, ausencias e atrasos

1. A puntualidade será unha norma do noso traballo. Todos os alumnos deben estar puntualmente na clase ó comezar o “amencer” e ás horas correspondentes despois de

cada recreo ou entrada da tarde. Os nenos de Primaria esperan na fila antes de ir á súa clase. Os atrasos deben estar xustificados.

*****O ALUMNADO QUE SE RETRASEN EN CHEGAR Á FILA CANDO REMATE O TEMPO DE RECREO OU AO COMEZO DA MAÑÁ, PERDERÁ O DEREITO A IR AO PATIO NA HORA DO RECREO, OS DOUS DÍAS SIGUIENTES***.**

2. Por motivos de seguridade non se permitirá a presenza de familiares ou acompañantes en corredores e aulas da E. Primaria e ESO, salvo autorización previa da Dirección ou os días destinados a entrevistas co profesorado. Os alumnos de Primaria acudirán cos seus profesores ata as súas clases; os seus pais ou acompañantes deixaranos e recolleranos no patio.

3. Evitaranse calquera tipo de entrevistas non concertadas no patio para que os profesores poidan estar atendendo aos seus alumnos. Para avisos e comunicacións breves poden deixalo ao profesor/a escrito nun papel ou na axenda.

4. Os balóns deben ir collidos cando esteamos nas filas ou dentro do edificio. Por motivos de seguridade, non se poderá xogar cos balóns no patio cuberto. Os días de chuvia non se baixan os balóns ó recreo. Así mesmo, non se permite o uso de monopatíns, patíns, bicicletas nos patios do colexio. No colexio non están autorizados os balóns de coiro.

5. Toda ausencia ou retraso debe ser xustificada por escrito, polos pais, a ser posible con antelación, e se non é posible, no momento de incorporarse á clase. No xustificante consignaranse a data, as horas de falta de asistencia e o motivo e a sinatura do responsable legal do alumno/a.

6. Son faltas xustificables aquelas que por motivos médicos, legais ou familiares graves sexan a causa da non asistencia á clase. O resto das situacións entrarán dentro das faltas no xustificables.

7. Cando un alumno precise saír traerá una petición por escrito dos seus pais ou titores legais, co motivo, data e tempo previsto de ausencia que deberá presentar ó titor para que a asine. Unha vez asinada, os alumnos entregarán a autorización na portería ao saíren. O alumnado deberá ser recollido polos pais, que firmarán na folla de rexistro na Portería do Colexio.

8. No intercambio de clases os alumnos deben permanecer nas súas respectivas aulas: Non se pode saír da aula sen permiso do profesor que vaia entrar na clase.

9. Non se poderá subir ás clases antes de que soe a música, nin se permanecerá nas mesmas ou nos corredores durante os tempos de lecer, agás que estea un profesor. Non se empregará o recreo para castigos na clase, e, se o facemos será moi ocasionalmente.

Vestuario

10. Por respecto e educación asistiremos ao colexio aseados e cunha vestimenta axeitada. Os alumnos evitarán mostrar a roupa interior, e, así mesmo, levar roupa excesivamente curta e explícita. Considérase axeitada a roupa de calle, roupa sport, chándal, calzado deportivo

11. Ás clases, por motivos de hixiene, non se permite o uso de roupa e calzado deportivo (de adestramento ou competición), salvo o chándal e as camisetas do colexio que se usarán so os días de educación física. En E. Infantil podería usarse para favorecer a autonomía e comodidade dos nenos se así o indicara o profesorado de dita Etapa.

12. Na actividades ordinarias do colexio non se permite roupa pensada para a praia, bañadores, chanclas, camisetas sen mangas. E tampouco a estancia nas aulas con gorra, gafas de sol, nin complementos deste estilo.

Hábitos: Limpeza e orde. Uso e coidado do material.

13. O titor e os profesores de cada aula encargaranse de manter a orde, coidar a limpeza e manter un ambiente acolledor no lugar habitual de traballo: a aula. Os pupitres deben quedar ordenados, tamén as cousas dentro deles. Deben facilitar o traballo do servizo de limpeza mantendo as mesas limpas e evitando que queden papeis tirados polo chan. E mesmo tamén para o posible uso da aula en actividades extraescolares.

14. O material e instalacións do centro debe coidarse facendo bo uso del. A deterioración ou rotura por uso negligente deste ocasionará a reparación e/ou reposición inmediata deste por conta do interesado. Do mesmo modo respectamos as pertenzas dos compañeiros.

15. No colexio non se poden administrar medicamentos. Excepcionalmente, e de forma particular en Infantil, poderíamos colaborar coas familias neste senso soamente se os pais enchen a correspondente autorización, asinada, e baixo á súa responsabilidade.

Nas aulas, pasillos, RECREOS E PATIO

16. Durante a clase, e nos cambios de clase non poderán saír ó baño salvo autorización do profesorado ou causa extraordinaria. Na Educación Primaria debemos recordarlle ós nenos e nenas de cando en vez que teñen que ir ou baño antes de entrar na clase e nos recreos.

17. Evitarase que os alumnos salgan sen permiso do aula durante as clases.

18. Todos os alumnos deben dispor do material e os elementos necesarios para desenvolver as súas distintas tarefas escolares.

19. NO PATIO- O tempo de recreo ten que realizarse no patio, excepto 3º e 4º da ESO, que presentando un permiso dado polos pais ou titores legais, poderán saír á rúa. As zonas cubertas deben ser respectadas para a convivencia e expansión; pódese xogar nos lugares asignados para ese efecto. Ningún alumno quedará na aula sin a presenza dun profesor.

O patio é un espazo escolar aínda fóra do horario lectivo, polo que as normas de convivencia afectan tamén a este momento.

20. No se permite jugar con balones duros (de couro o de plástico duro) excepto cuando se disputen competicións oficiais.

21. Los balones de baloncesto se utilizarán exclusivamente para practicar el deporte de baloncesto.

22. No se permiten los lanzamientos con fuerza inadecuada y desmesurada.

23. No se permiten los lanzamientos con balón u otro objeto realizados con la intención de dar en algún miembro de la comunidad educativa (alumnos, padres o profesores).

24. Ninguén debe permanecer en clase, os corredores, as escaleiras ou o vestíbulo de entrada antes do primeiro toque de timbre, tanto durante o recreo como ás entradas.

25. Todos os alumnos deben permanecer no recinto do centro. Ningún alumno poderá ausentarse dos patios, salvo con expresa autorización.

26. Débese respectar a todos os compañeiros xa sexan maiores ou pequenos, así como acatar as indicacións dos profesores que acompañan o recreo.

No comedor

27. Os nenos de Infantil irán acompañados da súa coidadora.

28. Os alumnos ocuparán durante todo o curso e, salvo excepcións puntuais, o lugar na mesa que lles será asignado, e non poderá cambiarse sen permiso.

29. Os alumnos deixarán os seus abrigos nas perchas. Así mesmo, deixarán as súas pertenzas no lugar asignado para iso.

30. Está prohibido xogar nas mesas; estarase adecuadamente sentado e procurarase manter un ton de voz normal, sen gritar.
31. Está terminantemente prohibido xogar coa comida ou os utensilios.
32. Os alumnos serán puntuais e áxiles, procurando entrar na quenda que se lles asigne, para favorecer a utilización do comedor de cantos o requiran.
33. En todo momento serán respectuosos e obedecerán as indicacións dos monitores e o persoal responsable encargado.
34. Os alumnos que utilizan a mediapensión non poderán saír do recinto escolar, salvo con expresa autorización dos seus monitores e responsables

Comunicación

35. É desexable un comunicación fluída entre o centro e as familias. Realizarase de varias formas posibles: a través da plataforma dixital, mediante entrevista concertada por algunha das partes que se procurará manter o antes posible, mediante circulares emitidas polo centro, e en E. Infantil usando o pequeno taboleiro da porta da aula.

Obxectos que traen de casa: Móbil. Xoguetes electrónicos. Diñeiro

36. Queda expresamente prohibido o uso de teléfonos móbiles, mp3, videoxogos, etc no Colexio durante a xornada lectiva –incluído o recreo- , debendo estar desconectados. No cas de dispositivos móbiles que podan ter uso na aula, sempre estará suxeito á supervisión do profesorado.

37. De acordo coa LPD sobre protección de datos persoais, queda así mesmo prohibida a toma de fotografías no Colexio, ben sexa con cámaras ou co móbil. Este punto afecta tanto á alumnado como á familia.

38. En caso de extravío de móbiles, videoxogos, lectores mp3 ou similares, o Colexio non se fará responsable. Pero porá as medidas necesarias para a súa recuperación

Tabaco. Alcol. Outras drogas

39. Debido á importancia destes aspectos a posesión, uso ou consumo destas substancias considerarase, en calquera caso, como conduta gravemente contraria á convivencia do centro xa que son consideradas actividades contra a saúde. Isto sen prexuízo doutras consecuencias derivadas da lexislación específica que posúen estas substancias.

Respecto, violencia, pelexas. Agresións físicas ou morais. malos tratos, acoso.

40. O respecto polos demais implica evitar calquera acción que menoscabe os seus dereitos. Evitamos calquera forma de agresión verbal, física, psicolóxica ou moral. Quedan terminantemente prohibidos os enfrontamento e pelaxas. Todos somos responsables do seu cumprimento e estamos obrigados a finalizalo do modo preciso que sexa.

41. Para obter o maior proveito das clases requírese atención, interese, estímulo, traballo e orde. Polo tanto non se permitirán condutas que interfiran ou prexudiquen o correcto desenvolvemento da clase. Tal é o caso das interrupcións ocasionadas voluntariamente, risas e menosprezos pola equivocacións e/ou opinións dun compañeiro, reiterada falta de atención, facer caso omiso das indicacións do profesor/a,...

42. A observación e cumprimento destas normas de convivencia debe manterse fóra do recinto escolar, durante o desenvolvemento de actividades extraescolares ou complementarias.

6.4. CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO [Artigo 11 Ley 4/2011](#)

No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

6.5. CLASIFICACIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS [Artigo 14 Ley 4/2011](#)

6.5.1- Criterios á hora de establecer medidas correctoras:

- É preciso considerar o contexto (a medida correctora ten de manter proporcionalidade coa conduta do alumno/a e debera contribuír a mellora do seu proceso educativo), e a idade das persoas suxeitas á consideración.
- As correccións terán un carácter educativo e recuperador e garantirán o respecto dos dereitos do alumnado (son medidas positivas: chegar a un pacto, ter intencionalidade educativa, non entrar na provocación nin na escalada de tensión, razoar a sanción, a reparación do dano).
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado (son medidas negativas: a violencia física e a humillación, os castigos xerais ou aleatorios, a precipitación, a desproporción, o enfrontamento, a inflexibilidade e os castigos inútiles).
- En caso de incumprimento de normas de convivencia [Artigo 12 Ley 4/2011](#)
 1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
 2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou

compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar segundo o establecido polo artigo 28.

6.5.2 - Condutas leves contrarias á convivencia

Son as definidas no artigo 42 do Decreto 8/2015:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente. No Colexio A Inmaculada de Lugo son as seguintes, sempre e cando se den circunstancias atenuantes:

1. A deterioración non grave, causado intencionadamente, das dependencias do Centro, do material deste ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
2. Calquera acto inxustificado que altere o normal desenvolvemento das actividades do centro.
3. A falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos compañeiros.
4. A actitude pasiva reiterada en actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
5. Os actos de indisciplina, falta de respecto, ameaza, inxuria ou ofensa non graves que se produzan contra o alumnado, así como as agresións físicas non graves entre alumnos.
6. uso reiterado de indumentaria inadecuada.
7. Os actos irrespetuosos cara ao ideario do Colexio.
8. uso de vocabulario soez ou ofensivo.
9. A utilización inadecuada e perturbadora de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos no recinto escolar.
10. Os actos causantes de sucidade.
11. consumo de cigarros.
12. Os actos de coacción ou a incitación a actuar contra as normas do Colexio.
13. A exhibición de símbolos discriminatorios ou ofensivos.
14. A exhibición de comportamentos que poidan ferir a sensibilidade.
15. Causar por uso indebido danos nos locais, material ou documentos do centro ou nos obxectos que pertencen a outros membros da comunidade educativa.
16. incumprimento das sancións impostas.
17. A apropiación indebida de obxectos.

6.5.3 - Medidas correctoras e procedemento para condutas leves contrarias á convivencia

Segundo o establecido no artigo 43 do decreto as medidas correctoras de aplicación son:

- a) *Amoestación privada ou por escrito.*
- b) *Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.*
- c) *Realización de traballos específicos en horario lectivo.*
- d) *Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.*
- e) *Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.*
- f) *Cambio de grupo por un período de ata unha semana.*
- g) *Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

As medidas correctoras serán aplicadas polas persoas, segundo o seguinte cuadro.

MEDIDAS CORRECTORAS	CONDUCTA	PROCEDEMENTO
a) <i>Amonestación privada ou por escrito. Establecer medidas correctoras ou sancionadoras. Notificar á familia.</i>	a), b), c), d), e)	Profesor/a ou titor/a, unha vez oído o alumno/a Coñecido o incidente, indagar en todo o que o acompaña e deixar constancia escrita. Falar cos alumnos (agredido, agresor/es ...) . Contrastar informacións.
b) <i>Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos en caso de condutas leves reiteradas</i>		Profesor/a ou titor/a, unha vez oído o alumno/a
c) <i>Realización de traballos específicos en horario non lectivo</i>		Titor/a e Xefe de Estudos, unha vez oído o alumno/a Constancia en parte de incidencia

<i>d) Realización de tarefas que contribuyan á mellora e desenvolvemento das actividades no centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.</i>		Titor/a e Xefe de Estudos, unha vez oído o alumno/a Constancia en parte de incidencia
<i>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro</i>		Titor/a e Xefe de Estudos, unha vez oído o alumno/a Constancia en parte de incidencia
<i>f) Cambio de grupo do alumno por un prazo máximo dunha semana</i>		Xefe de Estudos
<i>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo</i>		Director
<i>h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.</i>		Director

6.5.4 - Conductas gravemente perxudiciais para a convivencia [Artigo 15 Ley 4/2011](#)

(Conlevan parte de incidencia)

a) As agresións físicas ou psíquicas, faltas de respecto as injurias e as ofensas, as ameazas e as coaccións contra os profesorado e/ou PAS.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

6.5.5 - Medidas correctoras das conductas gravemente perxudiciais para a convivencia (Artigo 21 Ley 4/2011) (modificado)

Cubrir parte de incidencia nas seguintes situacións:

- a) seis faltas de puntualidade sen xustificar.
- b) Acumulación de faltas leves reiteradas.
- c) Ante calquera falta grave.

Cando se elabore un parte de incidencia, notificarase ó Xefe de Estudos e ao titor/a. O alumno virá en horario non lectivo a realizar traballos específicos.

O xefe/a de estudos:

- archiva os partes
- Entrega ao alumno/a un documento para a reflexión que cubre e asina.
- En casos especiais (sancións leves reiteradas con ou sin partes de incidencia) envía comunicación escrita á familia.

O profesor que elabora o parte de incidencia comunica este feito ás familias mediante comunicado pola plataforma LC.

- A acumulación de tres partes de aula implicará a notificación escrita ós pais do alumno por parte do Xefe de Estudos. Isto conleva unha entrevista da familia co titor/a.
- A acumulación de seis partes de aula implicará
 - a) a notificación escrita ós pais do alumno por parte do Xefe de Estudos na que se especificará:**
 - a suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos
 - ou acudir ao Centro no horario escolar para realizar tarefas académicas PERO FÓRA DA AULA, é dicir, nunha das salas de estudio (aula de inclusión) baixo a supervisión de xefatura de estudos que pode delegar en profesorado de garda.
 - b) entrevista da familia co xefe/a de estudos**

MEDIDAS CORRECTORAS
<i>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</i>
<i>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</i>
<i>c) Cambio de grupo.</i>
<i>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>
<i>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>
<i>f) Cambio de centro.</i>

6.5.6 - Procedemento para a imposición de medidas correctoras das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia (Artigo 25 Ley 4/2011)

(VER ANEXOS 2 e 3)

1. O Director acorda a incoación do procedemento por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos

2. A incoación do procedemento **notificarase á nai ou pai** ou á titora ou titor da alumna ou alumno, con

- indicación da conduta que o motiva,
- as correccións que poden corresponder e
- nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora.
- Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

3. O Director no acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais

- cambio temporal de grupo da alumna ou alumno, **por un período non superior a cinco días lectivos** ou
- a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, **por un período non superior a cinco días lectivos**.
- Estas medidas notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno.

4. O instrutor, finalizada a instrución do procedemento,

- formulará proposta de resolución e
- dará audiencia á alumna ou alumno xunto á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.
- No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.

5. O Director, realizado o trámite de audiencia, ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

6.5.7 - Graduación das medidas correctoras

Son circunstancias **ATENUANTES:**

- a) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- b) A falta de intencionalidade.
- c) A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- d) O carácter ocasional da conduta.

e) Cando tras o proceso de mediación escolar que leve a efecto, non poida chegarse a un acordo ou este non se poida cumprir por causas non imputables ao alumno infractor.

f) Outras circunstancias de carácter persoal que poidan incidir na conduta do alumno.

e) Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

2. Son circunstancias **AGRAVANTES**:

a) A premeditación e/ou a reiteración.

b) Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recentemente incorporados ao Centro.

c) Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio ou do Proxecto Educativo.

d) A incitación á actuación individual ou colectiva lesiva dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa.tfg

e) A alarma social causada polas condutas perturbadoras da convivencia, con especial atención aos actos que presenten características de acoso ou intimidación a outro alumno.

f) A gravidade dos prexuízos causados ao centro ou a calquera membro da comunidade educativa.

g) A publicidade ou jactancia de condutas perturbadoras da convivencia a través de aparellos electrónicos ou calquera outro medio.

h) Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

6.5.8 - Prescrición das medidas correctoras [Artigo 24 Ley 4/2011](#)

- As medidas correctoras das condutas graves prescriben co curso en vigor
- As medidas correctoras das condutas leves contrarias a convivencia prescriben aos catro meses.

6.5.9 - Responsabilidade e reparación de danos [Artigo 13 Ley 4/2011](#)

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o

seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

6.5.10 - Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores. [Artigo 27 Ley 4/2011](#)

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

6.7. PROCEDIMENTO ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA PREVIR E SOLUCIONAR AS ALTERACIÓNS DE COMPORTAMENTO

6.7.1 - En casos de alteracións de comportamento:

A) Actuacións iniciais:

1. Coñecemento inmediato por parte do profesor, titor , e xefatura de estudos, e se é o caso do Director.
2. Recompilación da información (frecuencia da conduta, localización espazo-temporal, persoas implicadas, intensidade) por parte de profesor, titor, ou Xefe/a de estudos
3. Prognóstico inicial e toma de decisións inmediata. O Xefe de estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación e a participación do profesor-titor valorarán e tomarán decisións sobre:
 - *A aplicación dalgunha das medidas establecidas no Regulamento de Réxime Interior do Centro, ou no Plan de Convivencia regulando a resposta en situacións que requiren medidas correctivas ou sancionadoras.*
 - *A comunicación inmediata da situación (en caso de non o facer xa) á familia do alumno.*
 - *A comunicación a outros organismos e servizos (sanitarios ou sociais, ou a ambos os dous) segundo as características da alteración.*
 - *A adopción de medidas inmediatas, en tempos e/ou espazos, que eviten a repetición de situacións similares á acontecida.*
 - *A comunicación á Comisión de Convivencia da situación.*
 - *A Comunicación á Inspección de Educación se o caso o require ou aconsella.*
 - *O inicio doutras medidas recollidas nas actuacións posteriores, se procede.*

Todas as actuacións realizadas ata o momento quedarán recollidas nun informe que estará depositado na dirección do Centro.

B) Actuacións posteriores:

4. Avaliación do comportamento problemático. Determinar, coa maior precisión posible, cal ou cales son os comportamentos problemáticos, así como as circunstancias en que aparecen, levando a cabo unha análise funcional, que determine cales son os acontecementos que lle preceden (antecedentes) e os que o seguen (consecuentes). O encargado será o Director, co asesoramento do Departamento de Orientación e a colaboración do profesorado. O resultado da avaliación recollerase nun documento que quedará depositado na dirección do centro.
5. Elaboración do plan de actuación co alumno individualmente, co Centro docente (profesores e alumnado) e coa familia do alumno.

Inclúe os seguintes bloques de traballo:

- a) En relación coa actuación individual co alumno:
 - *Obxectivos a conseguir.*
 - *Forma de facilitar a información ao alumno coa maior estruturación posible, así como tempo que está previsto dedicar, diariamente, para levar a cabo o plan de actuación previsto.*

- b) En relación co Centro (profesores e alumnos):
 - *Medidas adoptadas en relación co comportamento desaxustado de factores como: A organización e dinámica da clase e/ou do Centro, a interacción profesor-alumnos, a situación espacial na aula, a aceptación ou rexeitamento do alumno por parte dos seus compañeiros, o desenvolvemento do currículo, así como a disposición de recursos.*
 - *Medidas de apoio escolar co alumno en caso de ser necesario (inclusión en programas existentes no Centro).*
 - *Deseño de estratexias de coordinación entre o profesorado e abordaxe global das alteracións do comportamento, co obxectivo de que se entendan como un problema de todo o Centro e non dun só profesor ou dun grupo de profesores.*
 - *Formulación de programas de mediación escolar.*

- c) En relación co ámbito familiar:
 - *Con vistas a aumentar a eficacia da actuación, débese establecer unha estreita coordinación familia-Centro, proporcionando orientacións de actuación e fixando un calendario de reunións cos pais.*

- d) En relación con outros ámbitos:
 - *Establecemento de mecanismos de coordinación con outros organismos e servizos (sanitarios ou sociais, ou a ambos os dous).*

Este plan incluírá o seguimento (**temporalización** e implicados) así como a avaliación dos resultados obtidos.

6. Derivación a servizos especializados. O Director, asesorado polo Departamento de Orientación, unha vez informado o titor do alumno e despois (e informada a familia), efectuará a demanda de intervención especializada.

6.8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

6.8.1 - Definición

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

6.8.2 - Composición

- O director do Centro, que presidirá
- Un representante do alumnado.
- Un representante das familias.
- Un representante do consello Escolar encargado das iniciativas e programas de coeducación no Centro.
- Un representante do persoal non docente.
- Catro representantes do profesorado.

6.8.3 -Funcións da comisión

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

6.8.4 - Periodicidade e reunións.

A Comisión de Convivencia reunirse cada vez que sexa necesario por temas disciplinarios e polo menos unha vez o trimestre. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos, neste periodo de tempo.

7. -ACOSO ESCOLAR Artigo 28 Ley 4/2011

APLICARASE O PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO según as Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa do 17 de xuño de 2013.

Aquí consta un resumo aplicado ó noso Centro.

PROTOCOLO ANTE SITUACIÓN POSIBLE ACOSO ESCOLAR-----RESUMIDO

Marco legal: instrucións da Dirección Xeral de Educación do 17 de xuño de 2013 segundo a Lei de Convivencia 4 /2011

Tipos de acoso escolar (situacións transmitidas polos pais)

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias. Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de **maltrato tanto verbal** –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como **ameazas, chantaxes**, roubos... e, por último, **situacións de illamento**.

Exemplos de manifestación a través das TIC: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréntanse nunha perda de confianza e autoestima, **fobia ao centro, ansiedade** e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- ✓ Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- ✓ Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- ✓ Para os/as compañeiros/as observadores/as: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

Fases

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases: fase primeira (**registro en anexo I**), coñecemento, identificación e comunicación da situación; fase segunda, recollida de información e registro; fase terceira, análise da información e adopción de medidas; fase cuarta, seguimento e avaliación das medidas adoptadas e registro.

Medidas urxentes de protección á presunta vítima

- ✓ Vixilancia específica das persoas indicadas.
- ✓ Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- ✓ Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- ✓ Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado (**chamada telefónica**).
- ✓ Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima. (**anexo II**) No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos III e IV)

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos III e IV.

Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)

A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa aos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento; a copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecte ao alumnado implicado; os datos de absentismo escolar e o informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar.

En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011.

O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada. A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro. Para o mellor desempeño desta función se recollerán no Plan de convivencia do centro as posibles vías de formación deste (con carácter xeral)

- a) Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)
- b) Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)
- c) Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)
- d) Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e (anexo XI e XII)
- e) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)

Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

Para a tramitación deste expediente disciplinario, a dirección do centro facilitaralle á persoa que o tramite a seguinte documentación:

- Normativa de referencia.
- Esquema cos pasos e prazos que hai que seguir para a súa tramitación (anexo XVII).
- Modelos do procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario, sexa mediante un procedemento común ou, de ser o caso, mediante un procedemento conciliado de corrección (anexo XVIII).

Información para os pais-nais do noso alumnado

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

8. -ABSENTISMO ESCOLAR

ACTUARASE SEGÚN AS INSTRUCCIÓN DO 31 DE XANEIRO DE 2014 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

9. -CONVIVENCIA INTERCULTURAL

UN MODELO PARA SITUAR A PROPOSTA.

A gran pregunta formulada hoxe é ¿Cómo educar nunha escola onde a heteroxeneidade, e a diversidade de alumnado, é o factor máis visible? A resposta en parte **atópase** nos principios básicos que a LOE 2/2006 de 3 de Maio determina,

Que son: a calidade e a equidade.

Calidade supón que a educación é boa cando se constrúe con criterios consensuados e longamente probados. Equidade indica entre outras variables ,que todo o alumnado debería ter a igualdade de traxectorias educativas.

O modelo onde situar esta proposta é o modelo intercultural. Este modelo recente na aplicación á escolarización do alumnado inmigrante, **dá** resposta a un claro propósito de orientar ás escolas ante a chegada dunha poboación pouco coñecida antes.

Este modelo viuse na obriga de explicitar que a suposta diferenza cultural da poiden emerxer déficits escolares importantes, require ser situada noutras dimensións interpretativas:

-As contextuais , como a da emigración mesma.

-A situación socioeconómica en orixe e na sociedade receptora´

-A escolarización previa.

-As institucionais (como a propia estrutura e organización escolar, as competencias docentes.

-As individuais (como a idade de chegada, a motivación de logro etc.).

Entón pódese dicir que este é un modelo par todos os centros non só para os que escolaricen a inmigrantes. Neste senso, constitúe unha aportación moi valiosa integrar o Modelo de Educación Intercultural, co modelo da educación inclusiva, xa que amplía a perspectiva teórico práctica do modelo Intercultural. Posto que o enfoque se dirixe ao centro escolar e constitúe unha proposta que, dende o inicio, involucra a todos os actores, así evítase un erro frecuente no que se daba por suposto que o alumno inmigrante tería que adaptarse a unha escola xa reestructurada para recibilo.

Chegamos así ao modelo de escola Inclusiva que enriquece ao Modelo Intercultural:

-A Inclusión Educativa é unha resposta que da a escola como totalidade.

-Supera o obxectivo de Integración Educativa polo de Inclusión, entón estamos a falar dunha escola que inclúe a todos , non integra a un grupo. Propugna unha reestructuración funcional e organizativa da escola para dar desposta a todo tipo de diversidades, incluída a aportada pola inmigración.

-O alumnado, pais e profesorado , participan en todos os ámbitos e espazos escolares. Todos traballan conjuntamente. O que aporta o Modelo Inclusivo é fundamentalmente a superación da idea de integración e polo tanto o de normalización educativa. Este Modelo que poderemos chamar inclusivo intercultural, posibilitáanos plasmar na práctica o principio de Equidade educativa tan importante no acompañamento ao alumnado inmigrante.

A integración con estes enfoques permítenos adoptar un modelo coas seguintes características:

*Unha educación para todos, onde a presenza ou ausencia do alumnado inmigrante non condiciona ao modelo inclusivo e intercultural.

*Unha educación como instrumento para a cohesión social, onde a diversidade non fragmenta as relacións sociais e educativas se non que se reconece, valórase e convívese nela.

*Una educación Inclusiva, sabendo que pola súa propia natureza a educación que se imparte nun sistema educativo ten un carácter inclusivo, e considerando que na

escolarización de alumnado inmigrante , a escola como espazo de formación, de socialización e de integración pode ser un campo de oportunidades de inclusión social.

A Educación Intercultural é polo tanto o conxunto dos aportes que diversas tendencias educativas foron construíndo ao longo da historia, os que favorecen unha auténtica atención á diversidade en lugar dun tratamento do alumnado como unha realidade homoxénea.

A educación en valores , recordounos sempre que máis importante que a cantidade de conceptos que se puidieran recordar eran os principios , as actitudes que moven as condutas do alumnado, individual e socialmente.


OBXECTIVOS DESTA PROPOSTA.


- a- Situar o feito educativo nas claves sociais , económicas e culturais da realidade en que se inserta o centro educativo.
- b- Explicitar o sentido dos termos básicos que utilizaremos.
- c- Ofrecer un marco teórico-práctico aberto para situar, coñecer e interactuar coa diversidade que aporta o alumnado, entre eles, o alumnado inmigrante.
- d- Construír coa teoría. Os resultados de investigación e as experiencias en marcha, a proposta dun centro educativo inclusivo, aberto e intercultural e socialmente competente.
- e- Orientar o deseño dunha comunidade educativa coa interacción de todos os seus actores.
- f- Propoñer os criterios que guían boas prácticas educativas.

“Todos son importantes , todos son valiosos , todos son benvidos”.

O PLAN DE ACOLLIDA.

EL PLAN DE ACOLLIDA





INTRODUCCIÓN.

A súa importancia está claramente reflexada nos relatos dos inmigrantes. A percepción da acollida é unha constante. Pero a tónica xeral móstranos que a escola é unha institución cercana onde, moitos deles, atopáronse coa primeira experiencia de acollida dende que chegaron a España.

O ALUMNADO INMIGRANTE .

Cada neno trae na súa memoria a experiencia con respecto á inserción na súa escola, pero non nunha nova cultura. Por todo isto, faremos unha breve presentación aos rapaces tendo en conta que hai unha gran diversidade de orixes.

Adoita decirse que estes rapaces son o resultado de dúas culturas a de orixe e a de acollida, como socialización diferencia. Quere decir , que recibirán pautas de vida e valores do seu lugar de orixe ao mesmo tempo que terán que integrar isto coa cultura escolar e social do lugar de acollida.

O proceso que fará este alumnado será intentar integrar un capital cultural transmitido polos seus pais coas súas propias experiencias e prácticas da sociedade de acollida, cun capital cognoscitivo, social e instrumental, necesario para insertarse nesta sociedade.

Temos que percibir a estes fillos de inmigrantes como habitantes de tres mundos:

-O mundo da súas raíces.

-O mundo no que agora viven.

-A súa propia familia aquí e agora, estable e cambiante.

Nestes tres mundos están eles, nosos alumnos hoxe e adultos mañá.

A escolaridade do alumnado inmigrante supón unha complexidade nova á cuestión escolar.

O problema preséntase cando:

-a institución educativa non é inclusiva nin intercultural.

-a cultura da familia inmigrante e a escolar non interaccionan dun xeito adecuado e non recoñecen nin aceptan o cambio que supón.

A FAMILIA INMIGRANTE.

Hai unha serie de diferenzas,entre as familias inmigrantes e as de orixe,:

-búsqueda de oportunidades

-búsqueda de seguridade.

-búsqueda de liberdade.

Unha pregunta a facer é si esas familias do noso alumnado se están a integrar, xa que o proceso que eles fagan influirá grandemente nos seus fillos e nas súas prácticas escolares.. Neste sentido é importante coñecer a súa traxectoria migratoria e cultural e como estas familias poden facilitar ou obstaculizar a integración educativa.

PROCESO DE ACOLLIDA

¿Por que acollemos ao alumnado inmigrante?:

-Para que se sinta ben dende o primeiro día , xa que está inmerso nun proceso novo que está a vivir con incertidume e temor e a súa situación de vulnerabilidade inicial pode afectar a súa autoestima.

-Por respecto a súa individualidade. Cada alumno-a que chega ao centro é un ser único.

-Para facilitar dende o inicio a comunicación e o entendemento.

-Para que se integre na súa aula e na súa dinámica do centro.

O proceso dura todo o curso escolar, xa que é un plan que ten que reactivarse en cada unha das situacións nas que se vaia incorporando un alumno inmigrante.

CHEGADA AO CENTRO, PRIMEIRA ACOLLIDA, INFORMACIÓN.

- Chegada dos pais ao Centro. Serán recibidos pola dirección do Centro. Se non falan a lingua oficial, pode recurrirse a unha persoa colaboradora nesta tarefa. Nas entrevistas posteriores, recurrirase a un intérprete, este recurso ofrécese en todas as CCAA. Importante aquí é dar a coñecer o PEC.
- Chegada do alumno-a xa matriculado. O que fagamos en materia de acollida é crucial para o alumno-a, por iso debe primar unha acollida socioafectiva onde as actitudes e os comportamento sexan percibidos como afecto e compañía entre iguais.

PROPOSTA DE RECURSOS E ACTIVIDADES DE BENVIDA.

(Algúns exemplos.)

Primeiro e segundo ciclo de Primaria.

As actividades para recibir e acoller a un novo alumno-a, serán básicamente lúdicas. Cada un dirá o seu nome e logo organizaranse distintos tipos de xogos, sesións de música, de Galicia do resto de España así como do país de orixen do alumno-a.

Coidarase moito que o recién chegado participe e non quede como simple espectador.

Segundo e terceiro ciclo de Primaria.

Redactar cos alumnos unha carta de benvida para cada novo alumno. Escribírase en Castelán, Galego e na lingua materna do alumno-a.

Tercer ciclo de Primaria.

Coñecemos o país de onde vés, facémoste partícipe agora do país en que te atopas.

As actividades neste ciclo educativo, ademáis de ser lúdico ou deportivas, poden centrarse en preparar dende unha sinxela actividade de aula, un dossier sobre o país ao que chega o alumno-a e o país do que procede. As tarefas distribúense en pequenos grupos de traballo. Inclúese ao recén chegado na actividade. Realízase unha posta en común. Avalíase o traballo.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO).

Buscar intereses comúns,coñecer as diferenzas.

Existen propostas elaboradas para actividades grupais que aporten tanto coñecementos como métodos activos de traballo e interacción intragrupal, apoiadas nos intereses dos adolescentes. Algunhas son:

-Busca a alguén que...

-Elixir un famoso cantante ou deportista ¿Cómo lle farías unha entrevista por radio?.

-Presentamos o noso barrio.

Como realizar a actividade “Busca a alguén que...”

Esta actividade é moi utilizada como recurso para o primeiro día de clase.

Ten ventaxas como:

-O guión pódese elaborar en función do obxectivo que se persiga.

-É moi dinámica xa que as persoas teñen que moverse entre si

-Facilita descubrir de maneira informal tanto o que nun grupo se comparte como a diversidade do mesmo.

-É unha actividade que leva pouco tempo (entre 30min e 1 hora).

-Pódese realizar no partio con máis dun curso.

Desenvolvemento

O mestre-a vai lendo en voz alta unha a unha as consignas. Os alumnos circulan buscando a quen reúna esas condicións.

Avaliación.

Céntrase en:

- O que aprendimos.
- O que descubrimos sobre a diversidade do grupo.
- O que compartimos con outros.

O guión que se propón a continuación ten como obxectivos:

- *unha heteropresentación.
- *coñecer aos compañeiros.
- *recoñecer similitudes e diferenzas.
- *Atopar compañeiros con quen compartir intereses comúns.

Busca a laguen que...

- Acabe de cegar ao Colexio.
- Viva no teu barrio.
- Haxa viaxado a outro país.
- Lle guste ler.
- toque algún instrumento musical.
- Practique algún deporte.
- se sinta a gusto na escola.
- vaia con frecuencia á biblioteca.
- Coñeza comidas doutros países.
- Lle guste bailar.
- Lle gusten as Matemáticas.
- escoite a radio.
- Lea o xornal
- teña irmáns.
- O seu pai ou nai teñan negocio ou traballen perto do Colexio.

AVALIACIÓN AO ALUMNO-A

AVALIACIÓN FORMAL.

Dos seus coñecementos previos, competencias e habilidades, así como dos posibles déficits curriculares. Este tipo de avaliación deixarase para un momento posterior ao da incorporación ao Centro. Todos os centros teñen os seus protocolos de Competencia Curricular e do Estilo de Aprendizaxe .

AVALIACIÓN INFORMAL. ENTREVISTA.

Nesta avaliación é moi importante a observación da conducta do alumno-a para:

- detectar as súas habilidades e carencias,
- a maneira de relacionarse cos compañeiros-as,
- si é capaz de seguir a clase,
- que tipo de tarefas realiza no seu caderno,
- con que grao de acerto, resposta ás peticións do mestre-a,
- como se comunica cos compañeiros-as.

No recreos :

- que actividades fai,
- con que xoga etc.

Estes datos que recolleamos darnos pautas para a avaliación social e emocional do alumno-a, en todo caso hai que traballar dende a base de:

- Comprender a situación emocional.
- Promover unha situación de empatía para que o alumno-a poida expresar o que sabe.
- Atender basicamente ás súas necesidades afectivas.

A ENTREVISTA.

Objetivos:

- *Establecer un primeiro contacto.
- *Valorar a súa competencia comunicativa de maneira informal.
- *Coñecer os seus datos básicos.

Clima da entrevista:

- *Propiciar unha relación empática que favorezca unha primeira comunicación.
- *En caso de pouca competencia comunicativa, axudarse dalgún recurso
- *Utilizar unha linguaxe sinxela, esperar sen demostrar impaciencia a que o alumno-a dé unha resposta.
- *En caso de non competencia comunicativa axudarse de alguen que saiba interpretar
- *Mirar aos ollos do alumno-a durante a conversa, intentar non recoller notas.

GUIÓN DE PRIMEIRA ENTREVISTA.

Nome, idea, idioma que fala na casa, idiomas que coñece, lugar onde vive, persoas coas que vive, desprazamento ao colexio, idade de chegada ao noso país. Colexio ao que asistiu antes., o que máis lle gusta estudar, o que menos lle gusta estudar, se coñece a alguen no colexio, actividades que realiza fora do colexio, plans de estudo que ten, que lle gustaría facer, onde lle gustaría vivir...

Do conxunto das avaliacións do alumno-a inmigrante, elaborárase un plan individualizado. Nel se establecerá unha primeira aproximación ás características da inserción no grupo clase como primeiro espazo de socialización, as consecuencias na programación docente do profesor, que tipo de medidas se aplicarán a nivel individual e grupal na aula e si require apoio educativo, determinar as medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular significativa.

FASES	ORIENTACIÓNS
Observación en espazos común	Chegada. Se chega só , ou acompañado de pais ou outros familiares.

	Interacción: en recreos, entradas e súas, aula etc. De actividade: autonomía, dependencia, inactividade, destrezas.
Observación na aula	Interacción . Se se comunica cos compañeiros-as, se participa nas actividades comúns, actividade na aula, se entende a tarefa, se a realiza, se ten os materiais, se sabe usalos.
Formal mediante entrevista	Guión de primeiras entrevistas.
De competencias curriculares	Formatos estandarizados.

CONSULTA E INFORMACIÓN Á FAMILIA.

Obxectivos dos primeiros contactos:

-Dar toda a información que eles necesiten e establecer os primeiros vínculos entre familia e centro educativo.

INFORMACIÓN	VÍNCULO
Sobre o sistema educativo	Composición da súa familia
Sobre o centro escolar	Idades dos fillos
Os horarios	Tempo que levan neste país
Os programas	Amigo e coñecidos no barrio
As actividades extraescolares	Pertenencia a algunha asociación
As normas de asistencia	Dereitos que ten a educación dos seus fillos
As xustificacións das faltas de asistencia	Petición de colaboración para o estudo dos seus fillos
Os sistemas de axuda económica	Petición de colaboración nas actividades do centro
Tarxeta sanitaria	Aportacións que poderían facer a escola: habilidades, saberes...
Os festivos	
AMPA	

-Realizar entrevistas sucesivas, nun clima de empatía e con obxectivos explicados con claridade aos entrevistados.

(Guión orientativo para a entrevista con pais e nais dos alumnos-as inmigrantes).

ÁREAS TEMÁTICAS	FOCALIZADAS EN
Traxectoria migratoria	Tempo que levan neste País. Migración anterior a outro país. Motivos da migración a España. Forma na que se fixo a migración

Composición familiar	Grupo familiar actual. Idades. Reagrupación.
Familia no país de orixen	Familiares con referencia ao alumno-a inmigrante: pai/nai, irmáns, avós, tíos...
Estudos alcanzados	Sen estudos, primarios, secundarios, universitarios, outros.
Situación laboral	Membros da familia que traballan. Tipo de lugar de traballo, tipo de contrato.
Saúde	Percepción sobre a saúde da familia.
Vivenda	Réxime de vivenda: préstamo, aluguer, realegado, compra. Distribución mínima. Estado xeral.
Relacións no vecindario	Relacións que se dan cos veciños: non hai contacto, relacións formais, relacións positivas.
Relacións cos seus paisanos (redes de apoio)	Se axudan ou lles axudan, se hai unha relación moi estreita, se prefiren manterse ao marxe das relacións coa súa comunidade nacional.
Pertenencia ou coñecemento de algunha asociación de inmigrante ou de axuda a inmigrantes	Tanto se participan recibindo ou colaborando. Pode haber unha actividade de voluntariado que o entrevistado non perciba como tal.
Intereses habilidades	Coñecer estes datos extracurriculares poden facilitar tanto ofrecer as familias actividades que den desposta aos seus intereses, como incluílos como familia colaboradora dende as habilidades que poidan poñer ao servizo do Centro.

Realizada esta avaliación global do alumno-a, nunha nova entrevista, informarase aos pais dos resultados sobre as medidas ordinarias ou extraordinarias a implementar.

Anexo

Actividades lúdicas e interculturais.

O mundo no noso Centro

Temas centrais	Características	Desenvolvemento
Gastronomía do mundo	Xira en torno aos hábitos culinarios das distintas culturas do Centro. Centrarase na orixe e a migración dos produtos que se utilizan para preparar pratos de distintos países.	A festa dos postres
O conto nas culturas (Primaria)	Permite observar a difusión cultural de relatos comúns que se adaptan á realidade de cada cultura.	Explorar contos de tradición oral e escrita dos distintos países representados no Centro. Como exemplo pode utilizarse o libro "Quince mundos", recopilación de contos interculturais. Buscar similitudes entre as distintas historias.
Exposición sobre os distintos países: artesanía, vestimenta, instrumentos musicais, carteis, vídeos documentais.	Permite observar como cada cultura constrúe un mundo cotián con distintos materiais pero cun mesmo obxectivo: organizar as distintas manifestacións da vida en común das sociedades.	Xornada monográfica sobre un país. Exploración previa das súas expresións culturais máis visibles. Invitación a persoas relevantes para a exposición: artesáns, músicos etc e a persoas que viaxaran a ese país e que no lo acerquen dende distintas perspectivas.
A literatura no mundo (Secundaria)	Posibilita saír da nosa concepción eurocéntrica da creación literaria. Permite relacionar a literatura coas distintas realidades xeográficas, históricas, políticas e sociais.	Selección dos países. Selección dos autores. Tempo de lectura.
Os oficios que nos unen	Posibilita vincular os distintos oficios ao entorno natural e económico de cada sociedade.	Xornada centrada nos oficios manuais de distintos países.
Canciós de cuna	Permite observar como	Pedir ás familias que

(Infantil)	<p>as Nanas son cancións interculturais e comparten temas e funcións similares.</p> <p>Posibilita que os nenos coñezan e disfruten con cancións de cuna de distintas partes do mundo.</p> <p>Da pé para ampliar a ollada car outros países e rexións.</p> <p>Facilita unha relación natural con compañeiros de outros países que están na escola e ademáis viven no barrio.</p>	<p>aporten cancións dos seus países, rexións e seleccionar cancións de cuna de distintas orixes culturais.</p> <p>Preparar un repertorio distinto para cada día.</p> <p>Falar sobre o país actual da "nana". Situalo no globo terráqueo.</p> <p>Ilustracións das nanas .</p> <p>Cantatalas do xeito que mellor se vexa.</p>
------------	---	---

Gastronomía do Mundo.

Organización das xornadas o traballo previo e os participantes	Tarefas
Educación Infantil.	As cores dos alimentos . Facer collage de cores.
Educación Primaria (primer ciclo)	Ilustrar as receitas.
Educación Primaria (segundo ciclo)	Preparar cartel con collage das distintas receitas dos pratos que se preapren.
Educación Primaria (terceiro ciclo)	Escribir as receitas. Decorar o Centro. Preparar invitacións.
Educación Secundaria	Preparar a información xeral sobre os países representados. Buscar a música que poida representar a cada país . Colaborar cos compañeiros de primaria
Profesorado	Coordinar os distintos grupos . Orientar o traballo. Preparar o espazo destinado á xornada. Solicitar ás familias a elaboración de pratos. Coordinar a distribución de invitacións.
AMPA	Colaborar en todos os grupos. Preparar o espazo. Coordinar ás

	familias colaboradoras.
Durante a xornada	Tarefas
AMPA, alumnado, profesorado, e colaboradores.	<p>Incentivar a interacción: Repartir as receitas. Facilitar que o público pregunte sobre os pratos que se preparen. Incentivar o interese cara aos distintos pratos. Dar pé tamén para que as familias que aportaron os distintos pratos poidan interrelacionarse. Animar a xornada.</p>

Actividade

* Festa dos postres.

(Pode celebrarse o día da Familia Marista).

Primeiro infórmase a todas as familias da importancia da súa participación nas actividades .

Duración: Unha sesión da tarde.

Lugar: Por determinar.

Desenvolvemento: No lugar elexido colócanse as suficientes mesas para que todas as nais ou pais teñan un espazo apropiado para deixar os seus postres.

Cada familia realiza un postre típico do seu país de orixe. Unha vez colocado os alumnos van pasando polas mesas e elixindo os doces. As nais ou pais depositan nun prato a ración correspondente dos mesmos que todos degustamos .

Os nenos-as preguntan con que ingredientes están feitos e como se fan os postres que están a degustar. Logo nas clases comentan todo o que lles chamou a atención e o que lles resultou novo: sabores. Cores, texturas, presentación...

O profesorado participa ao completo a igual que as nais se intercambian receitas.

Pódese participar colaborando cunha máquina de café para os maiores, e a Asociación de pais colabora cun zume para os nenos.

É unha actividade moi doada que xenera conversas, intercambios, cercanía entre as familias....

		HÁBITOS DE CONVIVENCIA E RELACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN		
			Sempre	A veces	nunca
ALUMNOS	1	¿Xoga ou se relaciona con outros compañeiros no patio e respeta as normas do xogo?			
	2	¿Acepta a proposta que lle fagan para participar en grupos?			
	3	¿Busca estar so ou illado?			
	4	¿Busca somentes a compañía de compañeiros do seu propio país ou idioma?			
	5	¿Adopta actitudes agresivas?			
	6	¿É básicamente pasivo ou asertivo?			
COMPAÑEROS	1	¿Acéptano?			
	2	¿Móstranse dispostos a axudarlle?			
	3	¿Anímanno a xogar ou a participar nas súas actividades?			
	4	¿Acolléronno no principio pero logo cansan?			

	5	¿Aparecieron actitudes de indiferencia, rechazo, discriminación ou racismo?			
--	---	---	--	--	--

HÁBITOS DE TRABAJO NA AULA		GRAO DE CONSECUCIÓN		
		Sempre	A veces	nunca
1	¿Sabe onde está o material?			
2	¿Leva todo o material individual necesario?			
3	¿É coidadoso co material?			
4	¿Sabe onde ten que colocarse en cada actividade?			
5	¿Séntase correctamente?			
6	¿Molesta aos compañeiros?			
7	¿É molestado polos compañeiros?			
8	¿Manifesta interese polo traballo?			
9	¿Realiza o traballo con limpeza e boa presentación?			
10	¿Acaba sempre o traballo?			
11	¿Pide axuda se a precisa?			
12	¿Evita facelo traballo se o profesor non lle presta especial atención?			

10. -DIFUSIÓN DO PLAN

	Actividades	Responsable	Momento de realización	Criterio de realización
1	<i>Presentación do Plan de convivencia ó claustro de profesores</i>	<i>Director do centro</i>	<i>No primeiro trimestre do ano</i>	<i>Difusión a través da intranet e o Servidor</i>
2	<i>Presentación no Consello escolar do plan de convivencia</i>	<i>Director do centro</i>	<i>Inicio do curso</i>	<i>Difusión a través da web, e na reunión de setembro</i>
3	<i>Presentación das liñas xerais do plan de convivencia ós pais de alumnado</i>	<i>Director do centro</i>	<i>Mes de Outubro</i>	<i>Presentación na reunión inicial de curso. WEB</i>
4	<i>Presentación ós alumnos/as a través da titoría onde se lles presente vos obxectivos do plan e establécese o consenso de normas</i>	<i>Titores</i>	<i>Mes de Outubro</i>	<i>Titorías Programadas</i>

11. -SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Os mecanismos de seguimento e avaliación do Plan de Convivencia, sen excluír ningún outro procedemento propio do Centro que quedará reflectido na Memoria anual do Centro, guíaranse fundamentalmente polas directrices dada pola Consellería de Educación.

- De forma máis xeral unha vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
- De forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final d curso onde se recollerán :
 - Nivel de consecución de obxectivos propostos.
 - Actividades realizadas.
 - Grao de participación dos compoñentes da Comunidade Educativa.
 - Conclusións.
 - Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.
 - A avaliación debe ser crítica e constructiva nos seus obxectivos e as actividades para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar.

OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN				
	1	2	3	4	5
1. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bó clima de convivencia.					
2. Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión coa solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.					
3. Reducir ao mínimo as conductas disruptivas que perturban o clima da clase para evitar a conflictividade e diminuír as conductas máis graves.					
4. Priorizar a resolución dos conflitos de maneira formativa mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesorado e os alumnos.					
5. Tomar medida ante os conflitos actuais sempre que sexa posible, de maneira proactiva, é dicir, como un medio positivo e constructivo para a prevención dun conflito futuro.					
6. Proceder ante os problemas de conducta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todos os profesores, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.					
7. Analizar as causas das conductas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para solventar problemas de convivencia.					
8. Utilizar as medidas sancionadoras como último recurso para solucionar os problemas de convivencia e so cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.					

1. NADA
2. POUCO
3. ALGO
4. BASTANTE
5. MOITO

12. -O PLAN DENTRO DO P.E.C.

Inclúese dentro do Proxecto Educativo de centro, xa que ten uns obxectivos a cumprir que se poden agrupar nestes apartados:

- Obxectivos de sensibilización; cando pretendemos favorecer a reflexión, concienciar sobre a importancia, activar a atención, interés e/ou preocupación,... sobre un tema.
- Obxectivos de prevención; cando queremos evitar a aparición de comportamentos ou situacións problemáticas e non desexadas, é dicir, anticiparnos realizando as actuacións necesarias para que non xurdan os problemas.
- Obxectivos de formación; son aqueles nos que buscamos dotar a outros (alumnos, pais ou profesores) dos coñecementos, recursos ou habilidades que lle axuden a facer fronte ás distintas situacións que en relación coa convivencia poidan afectarlle.
- Obxectivos de intervención; son aqueles nos que buscamos coñecer a realidade de forma que nos permita detectar a existencia de problemas de convivencia, de comportamento, de acoso entre compañeiros, etc.; ou que nos proporcionen indicios que suxiran a posibilidade de que esas situacións poidan producirse nun futuro máis ou menos próximo de non tomar as medidas axeitadas.

13. -ANEXOS

ANEXO 1. ACTUACIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- O director, reunida a Comisión de Convivencia (=Observatorio de Convivencia) determina se procede ou non á apertura do expediente disciplinario. Tanto nun caso como noutro tomará algunha medida correctiva.

a) NON PROCEDE á apertura do expediente:

1. Deixarase constancia escrita do incidente e da medida correctiva.
2. Falarase cos pais.

b) PROCEDE á apertura do expediente:

1. Ser meticuloso no seguimento de todos os pasos do procedemento que se recolle no seguinte punto do Plan de Convivencia.

ANEXO 2. PROCEDIMIENTO CORRECTOR.

2.1 MAPA procedimiento corrector. [CLICK AQUÍ](#)

2.2 Procedemento corrector - orientaci3ns . [CLICK AQUÍ](#)

2.3 Procedemento corrector – modelos normalizados.[CLICK AQUÍ](#)

